



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE AFILIACIÓN S Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliación s medias novembro 2020

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

1.- Información xeral

O número medio de afiliacións¹ ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de novembro do ano 2020 acadou a cifra de 1.009.884 para o total do sistema, o que supón unha diminución respecto ao pasado mes de outubro de 2020 de 2.134 afiliacións (-0,21%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 19.022.002, rexistrando unha subida do 0,17% con respecto ao pasado mes de outubro.

Na comparativa interanual (novembro de 2020 con novembro de 2019) obsérvase unha diminución de 13.705 afiliacións no total do sistema en Galicia (-1,34%) e unha diminución do 1,83% (354.876 afiliacións) no conxunto estatal.

Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de outubro de 2020, rexístrase unha subida das afiliacións en sete comunidades autónomas, destacando a Comunitat Valenciana (cunha taxa superior ao 1,00%). En senso contrario, Illes Balears presenta a taxa máis negativa (por debaixo do -4,00%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas negativas en catorce das dezasete comunidades autónomas. Os descensos máis acusados prodúcense en Illes Balears (-6,67%) e Canarias (-5,35%), mentres que Murcia, Castilla La Mancha e Extremadura ascenden, pero quedándose por debaixo do 1,00%.


Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA NOVIEMBRE 2020	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
España	19.022.002	31.638	0,17	-354.876	-1,83
Galicia	1.009.884	-2.134	-0,21	-13.705	-1,34
Andalucía	3.095.658	20.091	0,65	-41.661	-1,33
Aragón	567.331	-2.350	-0,41	-9.995	-1,73
Asturias	360.582	-1.574	-0,43	-7.578	-2,06
Illes Balears	421.954	-19.154	-4,34	-30.151	-6,67
Canarias	780.767	-296	-0,04	-44.099	-5,35
Cantabria	216.717	-1.445	-0,66	-2.949	-1,34
Castilla La Mancha	715.003	1.871	0,26	3.538	0,50
Castilla y León	910.794	-10.567	-1,15	-16.816	-1,81
Cataluña	3.378.995	3.353	0,10	-83.933	-2,42
Comunitat Valenciana	1.932.477	22.909	1,20	-17.096	-0,88
Extremadura	394.109	-375	-0,10	1.167	0,30
Madrid	3.221.688	19.412	0,61	-69.194	-2,10
Murcia	594.926	3.236	0,55	4.453	0,75
Navarra	288.406	-645	-0,22	-2.819	-0,97
País Vasco	959.181	825	0,09	-20.729	-2,12
La Rioja	128.409	-1.671	-1,28	-1.773	-1,36
Ceuta e Melilla	45.123	152	0,34	-1.531	-3,28

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

1

O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones dende o informe de outubro de 2008 tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social diminuíu con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior caída nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do -1,81%, o que supón 7.952 afiliacións menos, seguida de Ourense (-1,60%), Lugo (-1,44%) e, por último, Pontevedra (-0,65%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de novembro con respecto ás do mes de outubro de 2020, rexistrouse en Galicia unha baixada do 0,21%. Todas as provincias amosan datos negativos, sendo Ourense a que máis decrece (-0,75%).

Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA NOVEMBRO 2020	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	431.292	-244	-0,06	-7.952	-1,81
LUGO	120.960	-731	-0,60	-1.768	-1,44
OURENSE	101.749	-773	-0,75	-1.657	-1,60
PONTEVEDRA	355.883	-386	-0,11	-2.328	-0,65
GALICIA	1.009.884	-2.134	-0,21	-13.705	-1,34
ESPAÑA	19.022.002	31.638	0,17	-354.876	-1,83


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 77,3% das afiliacións galegas en novembro de 2020, diminuíron un 0,28% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase unha diminución do 1,43%. En España estas taxas foron do 0,19% con respecto a outubro de 2020 e do -2,19% en relación ao mes de novembro de 2019. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (71,3%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos todas as provincias galegas amosan taxas de variación interanuais negativas. O descenso medio da comunidade galega sitúase entón no -0,77%. Para este réxime e con respecto ao mes de outubro de 2020, soben A Coruña e Pontevedra, e baixan Lugo e Ourense, resultando para o conxunto de Galicia unha taxa do 0,01%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha baixada interanual (-0,04%) e unha subida intermensual (0,08%).

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a novembro de 2019, rexístranse baixadas en todas as provincias, destacando a que se produce en Pontevedra (-4,23%). A taxa galega acaba entón o -3,53%, superando á de España (-3,71%). Con respecto a outubro de 2020, atopamos taxas positivas en todas as provincias, a maior en Lugo (1,15%). A taxa galega amosa así un aumento do 0,27% con respecto a outubro de 2020. A taxa nacional é do -0,51%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Cadro 3.- AFILIACIÓNS POR RÉXIMES E PROVINCIAS

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN NOVEMBRO 2020	VARIACIÓNS RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
TOTAL SISTEMA			
A CORUÑA	431.292	-0,06	-1,81
LUGO	120.960	-0,60	-1,44
OURENSE	101.749	-0,75	-1,60
PONTEVEDRA	355.883	-0,11	-0,65
GALICIA	1.009.884	-0,21	-1,34
ESPAÑA	19.022.002	0,17	-1,83
R. XERAL			
A CORUÑA	340.689	-0,09	-2,01
LUGO	86.220	-0,77	-1,40
OURENSE	78.396	-0,97	-1,76
PONTEVEDRA	275.766	-0,17	-0,61
GALICIA	781.070	-0,28	-1,43
ESPAÑA	15.690.668	0,19	-2,19
R. ESPECIAL AUTÓNOMOS			
A CORUÑA	84.481	0,07	-0,91
LUGO	33.192	-0,24	-1,61
OURENSE	23.353	-0,03	-1,07
PONTEVEDRA	66.928	0,06	-0,06
GALICIA	207.954	0,01	-0,77
ESPAÑA	3.267.873	0,08	-0,04
R. ESPECIAL DO MAR			
A CORUÑA	6.122	0,06	-2,83
LUGO	1.548	1,15	-0,10
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	13.190	0,26	-4,23
GALICIA	20.860	0,27	-3,53
ESPAÑA	62.323	-0,51	-3,71

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

5.- Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE)

Por último, debemos sinalar que dentro do total de afiliados a día 30 de novembro en Galicia, había 26.918 que se atopaban afectados por algún tipo de ERTE (de forza maior, non de forza maior ou RDL 30/2020), 138.120 menos fronte ao máximo, rexistrado o 30 de abril (-83,69%). No total de España, o número de afectados por un ERTE no último día de novembro é de 746.900, producíndose unha saída de 2.639.885 respecto ao peche de abril (-77,95%).

Cadro 4.- EVOLUCIÓN DOS ERTES TOTAIS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE NOVIEMBRE 2020	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA
España	746.900	-2.639.885	-77,95
Galicia	26.918	-138.120	-83,69
Andalucía	90.153	-387.239	-81,12
Aragón	17.337	-69.649	-80,07
Asturias	13.484	-45.737	-77,23
Illes Balears	30.962	-110.652	-78,14
Canarias	83.951	-147.586	-63,74
Cantabria	5.225	-30.322	-85,30
Castilla La Mancha	12.800	-86.542	-87,12
Castilla y León	27.767	-117.738	-80,92
Cataluña	196.359	-482.325	-71,07
Comunitat Valenciana	46.460	-303.174	-86,71
Extremadura	5.005	-34.884	-87,45
Madrid	131.757	-434.550	-76,73
Murcia	10.925	-68.761	-86,29
Navarra	10.560	-39.197	-78,78
País Vasco	31.144	-121.728	-79,63
La Rioja	4.249	-17.369	-80,35
Ceuta e Melilla	1.844	-4.312	-70,05

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

En canto a situación en Galicia, a maior baixada dende máximos ten lugar en Lugo (-85,05%) con 13.593 persoas menos.

Cadro 5.- EVOLUCIÓN DOS ERTES TOTAIS. GALICIA E PROVINCIAS

PROVINCIAS	AFECTADOS A ÚLTIMO DÍA DE NOVIEMBRE 2020	VARIACIÓN	
		ÚLTIMO DÍA DE ABRIL	
		ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	11.763	-57.767	-83,08
LUGO	2.389	-13.593	-85,05
OURENSE	3.181	-14.574	-82,08
PONTEVEDRA	9.585	-52.186	-84,48
GALICIA	26.918	-138.120	-83,69

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

Notas metodolóxicas

Traballadores afiliados: a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>